



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: REDUCCIÓN DE PARTITURAS

OBXECTIVOS DOS CURSOS I E II

- Analizar a estrutura harmónico-formal dunha partitura vocal ou instrumental, de carácter tonal.
- Realizar a transcripción ó piano e por escrito, dunha partitura orquestral, destacando os seus aspectos esenciais.
- Ler ó piano a partitura de orquestra de xeito fluído, reflectindo os diferentes aspectos : rítmicos, tímbricos, melódicos, armónicos, etc.
- Coñecer as distintas agrupacións instrumentáis e orquestráis, incluíndo o ámbito sonoro de cada instrumento.
- Improvisar ó piano pezas breves utilizando os elementos musicáis manexados a traveso da análise e a redución de obras dos diferentes estilos e formas.

CONTIDOS

CURSO I

- A instrumentación e as distintas agrupacións instrumentáis.
- Os instrumentos transpositores: lectura de textos ou fragmentos de obras, lectura simultánea de grupos de instrumentos transpositores de diferente afinación.
- As claves tradicionáis e as súas tesituras.
- Recursos pianísticos equivalentes ós recursos orquestráis e vocáis.
- A análise e a redución previo estudo e a primeira vista.
- A técnica de redución coral. Tratamento das voces. Redución escrita e ó piano de obras polifónicas a dúas, tres e catro voces en claves antigas. O coral.
- A técnica de redución instrumental. Redución escrita e ó piano de tríos, cuartetos e quintetos de corda das épocas pre-clásica e clásica .
- Redución ó piano de partituras de orquestra de diferentes épocas e estilos.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓ

MATERIA: REDUCCIÓ DE PARTITURAS

- A Improvisación con estruturas harmónicas básicas: Formación de frases de 4, 8 e 16 compases con modulación introtonal. Desenvolvemento de frases ediante: repetición, inversión de armonías, aplicación de retardos e apoyaturas, armonías de paso, etc.
- A improvisación con patróns rítmicos. Análise de patróns rítmicos en obras de diferentes estilos. Patróns rítmicos de acompañamiento e de solista. A súa aplicación.
- Improvisación con estruturas melódicas básicas. Tipos de frase. Proceso pregunta-resposta. Desenvolvemento de estruturas melódicas.

CONTIDOS

CURSO II

- Análise e redución ó piano do concerto barroco, concerto grosso.
- Análise e redución de sinfonías clásicas e románticas a primeira vista e previo estudo.
- Redución ó piano de partituras de orquesta de diferentes épocas e estilos. Redución a primeira vista.
- Improvisación con células harmónicas. Desenvolvemento por repetición, progresión e transformación.
- Improvisación con células rítmicas. Desenvolvemento mediante a repetición, progresión, transformación (retrogradación, diminución, aumentación, desprazamentos de acentuación, modificacións en principio e final), etc.
- Improvisación con células melódicas. Concepto de nivel melódico, a súa aplicación. Desenvolvemento de melodías por repetición, progresión, transformación (ampliación e redución intervállica, retrogradación, espello, espesamiento, aclaración, adaptacións harmónicas, interpolación e supresión de elementos, desenvolvemento de microcélulas), etc.



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: REDUCCIÓN DE PARTITURAS

AVALIACIÓN

A avaliación e continúa e realizarase durante todo o proceso de ensino- aprendizaxe a traveso do traballo realizado na clase e tamén do traballo individual e dos controles.

Nela hai tres fases fundamentais:

- A avaliación inicial, que servirá para situa-los coñecementos previos ós contidos a ensinar.
- A avaliación formativa ou procesual, que servirá para controla-lo proceso.
- A avaliación sumativa ó final do proceso, que toma como referente os criterios de avaliación fixados para o curso ou trimestre.

Son importantes os controles periódicos deste proceso ó fin de determinados períodos de tempo ou de diferentes series de contidos, realizando avaliación sumativa de todos eles.

A avaliación inicial farase ó principio do curso e ó inicio do traballo sobre cada un dos diferentes contidos.

Valorarase especialmente a asistencia regular ás clases e a actitude con respecto á asignatura.

Os alumnos/as que teñan máis de tres faltas por trimestre, xustificadas ou non, realizarán un examen ó fin do mesmo.

Convocatoria de Setembro: O exámen comprenderá todo-los contidos da asignatura.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CURSO I

- Análise formal e de todos os elementos musicáis dunha partitura de carácter tonal para trío ou cuarteto vocal ou instrumental.
- Escribir para piano a redución da partitura anterior.
- Redución ó piano dun movemento de cuarteto, quinteto ou sinfonía clásica.
- Improvisación ó piano a partires dunha estrutura harmónica dada que inclúa os elementos traballados no curso.



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

ESPECIALIDADE COMPOSICIÓN

MATERIA: REDUCCIÓN DE PARTITURAS

CURSO II

- Análise formal e de todos os elementos musicais dun movemento de cuarteto ou quinteto.
- Escribir para piano a redución da partitura anterior.
- Redución óo piano dun movemento de sinfonía clásica ou concerto barroco.
- Improvisación ó piano, a partires de células rítmicas, melódicas e harmónicas dadas, utilizando os coñecementos adquiridos.

AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

A ratio profesor-alumno será de dous alumnos por clase.